

A desregulación lexislativa da seguridade e a saúde laboral



Violeta Esteban

Secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de CCOO de Galicia

8

O 28 de abril conmemoramos o Día Internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo, que este ano reivindicamos co lema «A desregulación lexislativa condena a seguridade e a saúde dos traballadores e traballadoras e a economía do noso país». Por que esta proclama? Estamos vivindo a situación de maior perda de dereitos sociais e laborais da nosa democracia. Transcorridos dous anos desde a aprobación da última reforma laboral, non hai un só indicador obxectivo que evidencie mellora ningunha, nin para os traballadores e traballadoras que continúan en situación de desemprego, nin para as familias que, amais de seren vítimas da regulación laboral, tamén o son dos recortes en materia sanitaria, educativa, de vivenda, de igualdade, xudicial, tributaria e económica.

Maniféstase xa abertamente, sen disimulos, a convivencia entre a Seguridade Social, as mutuas e a Sanidade, que apostan por enarborar a bandeira da patronal e unirse ao discurso de que os tra-

Maniféstase xa abertamente, sen disimulos, a convivencia entre a Seguridade Social, as mutuas e a Sanidade, que apostan por enarborar a bandeira da patronal e culpar os traballadores e traballadoras da falta de competitividade das empresas

balladores e traballadoras son os responsables da falta de competitividade das empresas polos seus abusos continuos no acceso á incapacidade temporal. Resulta evidente que esta filosofía está na orixe do deseño da nova «lei de mutuas» que o Goberno pretende perpetrar non máis alá de xullo ou agosto deste ano.

Podemos afirmar, sen lugar a dúbidas xa, que o Goberno deste país está decidido a erosionar a prevención dos riscos laborais cunha serie de reformas que a debilitan. Baixo as premisas de «reducir cargas administrativas», «racionalizar o sector público» ou «favorecer a produtividade das empresas», agáchase o desmantelamento de mecanismos legais e institucionais que nos permitían avanzar no terreo da prevención. É unha estratexia equivocada, ineficaz, inadmisíbel.

Peor prevención

No Estado español, desde a última modificación exprés da Lei de prevención de riscos laborais, máis de catro millóns de persoas que traballan en empresas con menos de 25 traballadores (menos as que teñan máis dun centro ou estean incluídas no anexo I, «actividades de especial perigosidade») foron empurradas fóra dun sistema normalizado de prevención. A modificación desta lei, que en 1995 asentou as bases da prevención no país, produciuse mediante a aprobación —o 29 de setembro do 2013— dun novo texto legal: a lei de apoio aos emprendedores.

Esta lei introduce un cambio substancial: corresponde ao ar-

tigo 30.5 da LPRL e faculta o empresario para asumir persoalmente a realización da actividade preventiva en empresas cun cadro de persoal de menos de 25 persoas (antes da reforma, o límite era de 10). Como estas empresas xa non teñen a obriga de recorrer a entidades especializadas ou a traballadores designados para realizar a dita actividade —algo que garantía a profesionalidade dos responsables desas actuacións na organización—, está claro se está contribuíndo a unha diminución na calidade da prevención neste tipo de empresas.

Nova lei de mutuas

Como xa indiquei, o Goberno está reformando ademais o marco normativo que regula a actividade das mutuas sen o necesario consenso e participación, malia que existe o compromiso de acometer un proceso de negociación sobre a lei de mutuas.

Á parte do contido sobre a posibilidade de que as mutuas xestionen as altas, instaas a vender as sociedades de prevención. Sen dúbida, a súa saída ao mercado de forma simultánea repercutirá negativamente na súa valoración económica. Este proceso desembocará nunha deterioración das condicións de traballo do seu persoal prevencionista e, ao cabo, afectará á calidade da prevención nas empresas.

En defensa da saúde

Nos nosos gabinetes de saúde laboral atendemos todos os días unha ampla mostra de situacións que non hai moito nos parecerían

de ficción científica: persoas despedidas por enfermaren varios días en dous meses, outras que acoden ao traballo con 38 °C porque non poden asumir os descontos que carrea unha baixa ou empresas que someten o seu persoal a una gran tensión ao aplicar unha política insostible de sancións disciplinarias que só se explica polo barato que resulta o despedimento improcedente. Xa hai empresas que se desvinculan do convenio colectivo e obrigan o seu persoal a traballar máis tempo e en peores condicións a cambio do mesmo soldo, cunha maior exposición ao risco da dobre presenza, especialmente entre mulleres.

É evidente que a reforma laboral incentiva as prácticas máis nocivas na organización do tra-

Nin o Goberno nin a patronal se están preocupando en absoluto do escandaloso aumento dos accidentes de traballo nin das enfermidades profesionais que se declaran sen baixa

ballo; prácticas que xa están tendo efectos claros na saúde física e psíquica das traballadoras e traballadores. Hoxe parece que todo vale, e hai ambientes laborais onde á precariedade se xunta o sufrimento de vivir presos da arbitrariedade e o medo.

Recuperación efectiva da saúde

No medio de todo este mare magnum de desregulación normativa, encontrámonos con que, agora máis ca nunca, cómpre defender que as baixas laborais constitúan un dereito fundamental das persoas a unha recuperación efectiva da saúde: trasladar os custos da enfermidade ás persoas traballadoras é unha auténtica forma de violencia organizacional inaceptable. Pola contra, nin o Goberno nin a pa-

tronal se están preocupando en absoluto do escandaloso aumento dos accidentes de traballo declarados sen baixa nin das enfermidades profesionais igualmente cualificadas sen baixa; por non falar da súa infradeclaración, enfermidades non declaradas e accidentes graves declarados como leves.

Acaso este e outros Gobernos do mesmo signo noutras partes de Europa e en pleno século XXI pretenden retrotraer a clase traballadora a unhas condicións laborais similares ás da época da Revolución Industrial: sen dereitos salariais, nin de descanso, nin de xornada, nin de formación, nin dereito á saúde? Ata cando poderemos a cidadanía aturar a actual situación sociolaboral?



Na fotografía, concentración en Vigo este 28 de abril, Día Internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo / Foto: Celso Carnero